

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández do 18/05/1969

Colección:

Data: 18/05/1969

De:

Luis Bouza-Brey;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orix:

Calvo Sotelo, 14-1º (de enderezo), Vilagarcía de Arousa (municipal), O Salnés (comarcal)

Destino:

María de Guzmán, 54-4º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita con sinatura autógrafa e con membrete profesional: ABOGADO]



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández do 18/05/1969

ABOGADO
LUIS BOUZA-BREY TRILLO
VILLAGARCÍA DE AROSA

CALVO SOTELO, 14-1º
TELÉFONO: 139

18-V-69

Sr. D. Luís Tobío Fdez
Madrid.

Meu querido Luis:

Recibin a tua carta onte; hoxe fun ao Hotel e me dixeron que che gardan as dúas habitacións, axeitadas conforme aos teus desexos, durante o tempo que ti dis. Acordáronme tamén que recibiran a túa carta e que che contestarán mañán decíndote isto mesmo. Así que, a carta coa acetación sirve de seguridade para vos, como ti querías. En canto recibas esa carta, dimo; pois si non a mandan teño pretexto para recordarlles que pensaban mandala.

Así é que, Luis, se non se viran gravemente as cousas téremoste de hóspede en Vilagarcía no tempo das festas de esta vila, que serán, coido, arredor do 15, pois o 16 é San Roque, o noso padroeiro; e aínda que eu non che son moi festeiro, pra vós, que vides de fora, sempre toparedes algunha novidade: o combate naval pirotécnico, a danza das espadas, as regatas de dornas, o concurso de gaitas e quen sabe o que, pois todo eso é de outros anos atraís.

Deica entón, logo: mellor dito, deica reciba túa carta, decíndome que te chegou a do Hotel, ou que non te chegou, para lles facelo acordante neste caso.

E no entanto unha fonda aberta.

Luís [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.